

PROGRAMACIÓN DOCENTE de
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL
e AUDIOVISUAL

CURSO 2021-22
C.P.I. PONTE CARREIRA
TEBA ARGIZ ROMANÍ

ÍNDICE

- 1.- Introducción e contextualización.
- 2.- Competencias clave
- 3.- Obxectivos
- 4.- Bloques
- 5.- Estándares de aprendizaxe en 1º ESO: contidos, criterios de avaliación, competencias clave e temporalización
- 6.- Estándares de aprendizaxe en 3º ESO: contidos, criterios de avaliación, competencias clave e temporalización
- 7.- Estándares de aprendizaxe en 4º ESO: contidos, criterios de avaliación, competencias clave e temporalización
- 8.- Metodoloxía didáctica
- 9.- Procedementos e instrumentos de avaliación
- 10.- Criterios de avaliación
- 11.- Criterios de cualificación
- 12.- Probas extraordinarias
- 13.- Materiais e recursos didácticos
- 14.- Accións previstas de acordo co fomento da lectura
- 15.- Accións previstas de acordo co plan das TICS
- 16.- Plan de traballo para materias pendentes
- 17.- Transversalidade
- 18.- Actividades complementarias e extraescolares
- 19.- Medidas de atención á diversidade
- 20.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A función da materia de Educación Plástica e Visual en Secundaria enténdese como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa. A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes, que se transmiten a toda a cidadanía a través dos medios de comunicación. Por isto cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poida alcanzar un criterio propio.

A materia de EPVA debe contribuír a desenvolver dous aspectos fundamentais da formación: a percepción e a representación, saber ver e saber facer.

Saber ver implica valorar o contínxente da información visual e a análise crítica da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser quen de valorar criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais dacordo cunha escala de valores propia.

Saber facer implica a acción-investigación tendente á produción artístico-creativa e a realización de representacións expresivo-comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas. Implica tamén a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser capaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais.

O horizonte é acadar cidadáns con autonomía, capacidade crítica para discriminar, que sexan quen de defenderse da voráxine de información que nos rodea, que coñezan e usen as distintas linguaxes visuais e as súas técnicas, que sexan capaces de percibir, experimentar, comunicarse e crear no gozo estético.

O CPI Pontecarreira, no Concello coruñés de Frades ten as seguintes características, extraídas do PEC:

- Identidade do centro e finalidade da educación:

1 Análise das características do centro:

- Ubicación xeográfica: medio rural no concello de Frades cunha poboación aproximada de 2300 habitantes, o CPI está situado na parroquia de Gafoi (300 habitantes).
- Tipo de construción: predomina a vivenda unifamiliar, con alpendres de labranza nas inmediacións. A calidade das construcións mellorou nos últimos tempos. Podemos afirmar que, aínda que algunha vivenda precisa mellorar as súas condicións de habitabilidade, a maioría son casas coidadas e cun confort acorde cos tempos: calefacción, teléfono, ordenador, etc.
- Ámbito socioeconómico: Predominan as familias tradicionais nas que conviven varias xeracións. En canto á situación laboral dos membros da unidade familiar, obsérvase un incremento de mulleres con traballo remunerado fóra da casa. Segue a manterse a pequena horta familiar e a cría de pequenos animais para autoconsumo.

- Infraestrutura de servizos: Hai un parque en Ponte Carreira, pavillón municipal, centro médico, organizacións culturais nalgunhas parroquias como Gafoi, Moar e Galegos, piscina municipal (ao non ser cuberta só ten utilidade co bo tempo) e un edificio de servizos múltiples.
- Arredor do 80% do noso alumnado ten como lingua materna o galego, sendo esta a lingua que utiliza habitualmente, sobre todo no rexistro informal. Obsérvase, en cambio, pouca fluidez nos rexistros formais á hora de utilizar esta lingua.
- No referente á análise das ocupacións que desenvolve o alumnado na súa vida cotiá no ámbito extraescolar, podemos salientar:
 1. Aínda que nos atopamos nun ámbito/contorno rural, o acceso ás novas tecnoloxías está totalmente normalizado xa que empregan gran parte do seu tempo en ocupacións relacionadas coas TICs, por exemplo, navegar por internet, videoxogos, ver a televisión ou utilizar redes de mensaxería instantánea.
 2. En canto a práctica de actividade física, esta prodúcese sobre todo fóra do ámbito competitivo. Se nos referimos á práctica deportiva con adestrador, encamiñada á competición, o porcentaxe masculino é superior ao feminino, aínda que escaso tamén.

Inicio de curso e adaptación derivada das circunstancias provocadas pola Covid-19:

A asignatura de Plástica, Visual e Audiovisual ten carácter obrigatorio nos cursos de 1º e 3º de ESO, mentres que no 4º curso é optativa. O horario cos alumnos son dúas horas en 1º e 3º e tres horas en 4º de ESO. O departamento é unipersonal ao ser un centro tan pequeno, sendo a Xefa do Departamento, Teba Argiz Romani.

A extraordinaria situación que seguimos a vivir e que comezou xa a mediados do curso pasado inflúe na planificación e desenvolvemento deste curso académico, especialmente na metodoloxía.

A incorporación de todos os cursos ao programa **Edixgal** implica tamén cambios na planificación das actividades e os contidos, na metodoloxía e na posible avaliación dos contidos de xeito telemático, polo que se traballará de xeito paralelo a ensinanza presencial e a telemática, asegurándonos desde comezos de curso do acceso e correcto uso das tecnoloxías por parte do alumnado.

Reaxuste da programación:

- Ao longo do curso e tendo en conta que éste é un documento vivo, poderá seguir reaxustándose en función dos escenarios que se presenten.
- Todos os estándares de aprendizaxe se inclúen na programación didáctica, non obstante, determinadas aprendizaxes poderán priorizarse sobre outras para posibilitar así a integración de aquelas considerados esenciais para afrontar as posibles continxencias que se presenten ao longo do presente curso escolar.

2.-COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación coa LOMCE de **competencias clave** á programación permite incidir naquelas aprendizaxes como combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais. Cos **estándares de aprendizaxe** avaliábeis da materia de Plástica concretaremos os contidos que forman parte dos perfís competenciais. Con eles acadarán as competencias que lles permitan lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Centrarémonos principalmente na **competencia de conciencia e expresións culturais**. Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Esta competencia implica atopar fontes, formas e canles de comprensión e expresión, planificar, avaliar e axustar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados. Require poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. Na medida que en moitas ocasións se traballa de forma colectiva, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para a consecución dun traballo final en conxunto, valorando as opinións alleas. Incorpora, así mesmo, o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas, así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural. Supón igualmente unha actitude de aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares. Esixe, así mesmo, valorar a liberdade de expresión, o dereito a diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da **competencia dixital** e, en particular, a que achega o mundo das imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital.

A educación plástica e visual colabora na adquisición da competencia do **sentido iniciativa e espírito emprendedor** dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cívica**. Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a **competencia de aprender a aprender** que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A educación plástica e visual contribúe á adquisición da **competencia en matemáticas, ciencia e tecnoloxía** mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto as boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras. En canto á parte matemática desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.

A educación plástica e visual enriquece a capacidade comunicativa favorecendo por tanto a **competencia lingüística**, dado que, como toda forma de comunicación, posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes.

3.- OBXECTIVOS

A continuación enumeramos os obxectivos da materia de plástica en toda a ESO, que irán concretándose e ampliándose cada ano sobre a base do coñecemento previo.

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
- 7.- Expresarse con creatividade, utilizando as propias ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
- 8.- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- 9.- Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- 10.- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o

diálogo e a comunicación.

11.- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

4.-BLOQUES (estructuración dos contidos)

Nos cursos de **1º e 3º de ESO** os contidos preséntanse agrupados en tres bloques:

Bloque 1	Expresión plástica
Bloque 2	Comunicación audiovisual
Bloque 3	Debuxo técnico

No **4º curso**, agrúpanse os contidos en 4 bloques:

- Bloque 1	Expresión plástica.
- Bloque 2	Debuxo técnico
- Bloque 3	Fundamentos do deseño
- Bloque 4	Linguaxe audiovisual e multimedia

5.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 1º ESO: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE

Os estándares de aprendizaxe mínimos *estarán sinalados en cursiva* dentro do cadro xeral de contidos. Para acadar unha valoración positiva deberán acadar o 100% destes estándares mínimos.

A organización temporal realizarase por bloques de contidos, desenvolvendo cada bloque nun trimestre, aínda que moitos contidos danse transversalmente ao longo do curso, pois poden tratarse de xeito interrelacionado para afianzalos máis. Será aberta e flexible dependendo do alumnado (punto de partida, creatividade, madurez, esforzo,...) de posibles conmemoracións, visitas ou datas sinaladas, e das continxencias que poidan xurdir. Adaptarémolos ao grupo, e a cada alumno en particular, acortando ou extendendo o tempo de explicación e mesmo planificando traballos segundo as necesidades (como pode ser o caso dun alumno en cuarentena). Ao final de cada bloque concretaranse o número de sesións estimadas para cada contido, deixando sesións libres que se completarán con visitas, conmemoracións especiais, probas e controis.

Primer Trimestre_ Bloque 3. Debuxo técnico.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
B3.1.-Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas,	Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	<i>Trazar as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.</i>	CAA

cortantes e perpendiculares.			
B3.2.-Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	<i>Trazza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.</i>	CMCCT
B3.3.- Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	<i>Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.</i>	CD
B3.4.-Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	CD
B3.5.- Ángulos, clasificación e posicións relativas. B3.6.- Trazado de ángulos con escuadra e cartabón	Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	<i>Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadara e no cartabón.</i>	CSIEE
B3.7. - Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares.	Estudar a suma e resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	Suma ou resta de ángulos con regra e compás.	CMCCT
B3.8.- Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	<i>Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.</i>	CCEC
B3.9.- Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	<i>Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.</i>	CMCCT

B3.10.- Mediatrix dun segmento. A mediatrix como lugar xeométrico básico no plano.	Trazar a mediatrix dun segmento utilizando compás e regra, escuadra e cartabón.	<i>Traza a mediatrix dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.</i>	CMCCT
B3.11.- Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	Estudar as aplicacións do teorema de Thales	<i>Divide un segmento en partes iguais aplicando o teorema de Thales.</i> <i>Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.</i>	CCEC
B3.12.- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatrix, bisectriz e mediana	Coñecer lugares xeométricos e defínalos.	<i>Explica e reconece os exemplos máis comúns de lugares xeométricos.</i>	CMCCT
B3.13.- Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos	Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	<i>Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</i>	CCEC
B3.14.- Construción de triángulos	Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos)	<i>Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.</i>	CAA
B3.15.- Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos	Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	CSIEE
B3.16.- Triángulo rectángulo: características e construción dun.	Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplícalas con	Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCCT

	propiedade á construción destes		
B3.17.- Cuadriláteros: clasificación e propiedades	Coñecer os tipos de cuadriláteros	<i>Clasifica correctamente calquera cuadrilátero</i>	CCEC
B3.18.- Construción de cuadriláteros	Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	CAA
B3.19.- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos	Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	<i>Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</i>	CCEC
B3.20.- Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia	Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia	<i>Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.</i>	CMCCT

Temporalización do primer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.3.1- B.3.3	3
B.3.4	2
B.3.9- B.3.11	3
B.3.5- B.3.8	4
B.3.12	1
B.3.13- B.3.16	3
B.3.17- B.3.18	3
B.3.19- B.3.20	3

Segundo trimestre_ Bloque 1. Expresión Plástica.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e	Identificar os elementos configuradores da	Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e	CCEC

plano. B1.2.- Aprecio do uso do punto, liña e plano polos artistas.	imaxe	produccións gráfico plásticas propias e alleas.	
B1.3.- O punto como elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4.- Posibilidades gráficas da liña en relación ao seu trazado, grosor, etc. B1.5.- Calidades do plano na composición e na construción de volumen	Experimentar coas variacións formais do punto, liña e plano.	Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico -plásticas. <i>Experimenta o valor expresivo da liña, o punto e o plano</i>	CAA CSIEE CCEC
B1.6.- Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor..	Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	<i>Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura...) utilizando diversos recursos gráficos (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc)</i>	CCL
B1.7.- Composición: elementos B1.8.- Ritmo na composición	Identificar e aplicar os conceptos de proporción e ritmo en composicións básicas.	<i>Experimenta co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea..</i> Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. <i>Realiza composicións básicas e modulares con diferentes técnicas.</i> Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación	CSIEE

		coas súas características formais e en relación co seu ámbito	
B1.9. -A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. B1.10.- Círculo cromático e cores complementarias.	Experimentar coas cores primarias e secundarias.	<i>Experimenta coas cores primarias e secundarias</i> , estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.	CSC
B1.11.- Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	Transcribe texturas táctiles e texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas..	<i>Transcribe texturas táctiles e texturas visuais mediante as técnicas de frottage e outras</i> , empregándoas en composicións abstractas e figurativas.	CSIEE
B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor, colaxe.	<i>Utiliza o lapis de grafito e de cor</i> , creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. <i>Experimenta coas témperas e acrílicos aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes...)</i> valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. <i>Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles</i> , para crear composicións, colaxes mátericas e figuras tridimensionais. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSC CCEC CAA

		Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC
		<i>Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</i>	CSC
			CSC

Temporalización do segundo trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.1.1-B.1.6	6
B.1.7- B.1.8	3
B.1.9 - B.1.10	6
B.1.11	3
B.1.12	Estará implícito en todas as sesións ao longo do curso

Tercer Trimestre_ Bloque 2. Comunicación audiovisual.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet . clave
B2.1.-Imaxe e comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	1 Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo	<i>Diferencia imaxes figurativas e abstractas.</i> <i>Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</i> Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	CCL CCL

B2.2.-Comunicación visual. Símbolos e iconas.	2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	Distingue símbolos de iconas.	
		Deseña símbolos e iconas	
B2.3.- O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic	3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos adecuadamente.	<i>Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</i>	CCL
B2.4.-Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.	<i>Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.</i>	CSL CCS
B2.5.- Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual	5. Recoñecer as funcións da comunicación	Distingue a función que predomina en mensaxes visuais e audiovisuais.	CD

Temporalización do tercer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.2.1- B.2.2	4
B.2.3	9
B.2.4- B.2.5	4

6.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 3º ESO: CONTIDOS, CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE

Os estándares de aprendizaxe mínimos *estarán sinalados en cursiva* dentro do cadro xeral de contidos. Para acadar unha valoración positiva deberán acadar o 100% destes estándares mínimos.

A organización temporal realizarase por bloques de contidos, desenvolvendo cada bloque nun trimestre, aínda que varios deles danse transversalmente ao longo do curso. Será aberta e flexible dependendo do alumnado (punto de partida, creatividade, madurez, esforzo,...) de posibles conmemoracións, visitas ou datas sinaladas, e das continxencias que poidan. Adaptarémolos ao grupo, e a cada alumno en particular, acortando ou extendendo o tempo de explicación e mesmo planificando traballos segundo as necesidades

(como pode ser o caso dun alumno en cuarentena). Ao final de cada bloque concretaranse o número de sesións estimadas para cada contido, deixando sesións libres que se completarán con visitas, conmemoracións especiais, probas e controis.

Primer Trimestre_ Bloque 3. Debuxo técnico.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave
B.3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Coñecer lugares xeométricos e definilos	<i>Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc)</i>	CCL
B.3.2. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos	Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	<i>Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</i>	CAA
B.3.3.- Construcción de polígonos regulares dado o lado	Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado	CMCCT
B.3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas de tanxencias	Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces	<i>Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas</i> <i>Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.</i>	CA
B.3.5.- Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides B.3.6.-Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.	Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	<i>Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior</i> Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	CMCCT
B.3.7. Enlaces en	Aplicar as condicións	Constrúe correctamente	CMCCT

curvas técnicas. Espirais: propiedades e características	das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros	espirais de dous, tres, catro e cinco centros	
B.3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. B.3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares	Estudar os conceptos de simetría, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos	<i>Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</i>	CD
B.3.10.- Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivados. Vistas diédricas dun sólido.	Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos.	<i>Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</i>	CMCCT
B.3.11.- Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	<i>Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</i>	CMCCT
B.3.12.- Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	<i>Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.</i>	CCEC

Temporalización do primer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.3.1	1
B.3.2- B.3.3	4
B.3.4	3
B.3.5- B.3.7	4

B.3.8-B3.9	5
B.3.10 - B.3.12	5

Segundo Trimestre_ Bloque 1. Expresión Plástica.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet. clave
B1.1.-Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño	<i>Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos</i> , mediante propostas, axustándose aos obxectivos finais. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións	CA CCEC
B.1.2.- O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	<i>Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</i>	CA
B.1.3.- A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. B.1.4.- O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	Debuxar con distintos niveis de iconicidade.	Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, <i>elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos</i>	CCEC
B.1.5.- Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. B.1.6.- Temperatura da cor. B.1.7.- Simbolismo da cor	Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	<i>Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.</i> <i>Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</i> <i>Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso</i>	CSIEE CSC CSIEE

		<i>da cor.</i>	
B.1.8.- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas	Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	<p><i>Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</i></p> <p><i>Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</i></p> <p><i>Experimenta coas témperas ou acrílicos aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes...) valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</i></p> <p><i>Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</i></p> <p>Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas</p> <p><i>Mantén o seu espazo de traballo e o</i></p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>

		<i>seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</i>	CSC
--	--	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----

Temporalización do segundo trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.1.1- B1.4, B.1.8	5 Estarán implícitos ao longo de todo o curso
B.1.5	6
B.1.6	4
B.1.7	4

Tercer trimestre_ Bloque 2. Comunicación audiovisual.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave
B.2.1.-Percepción visual. Proceso perceptivo B.2.2.-Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes	Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	CAA
B.2.3.- Ilusións ópticas. B.2.4.- Leis ou principios da Gestalt	Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	<i>Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.</i> Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt	CSC CCEC
B.2.5.-Imaxes en movemento: posibilidades expresivas.	Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas	Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos	CD
B.2.6.-Linguaxe visual. Signo visual. Significante e	Identificar significativo e significado nun signo visual.	Distingue significativo e significado nun signo visual.	

significado.			
B.2.7.- Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. B.2.8.- Denotación e connotación	Describir, analizar e intrpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	<i>Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos</i> Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	CCL CCEC
B.2.9.- Fotografía. A fotografía como medio de comunicación	Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	<i>Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.</i> Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	CD
B.2.10.- Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos	Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	<i>Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc) e valora de xeito crítico os resultados.</i>	CCL
B.2.11.- Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais	Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respetando o patrimonio histórico e cultural gozando del.	<i>Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais</i>	CSC
B.2.12.- Publicidade: principais recursos visuais empregados nela	Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	<i>Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas</i>	CCL
B.2.13.- O cine como medio de comunicación	Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu	Reflexiona críticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en	CCEC

	contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	relación coa mensaxe	
B.2.14.- Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	<i>Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</i>	CD

Temporalización do tercer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.2.1- B.2.5	4
B.2.5- B.2.8	2
B.2.10- B.2.11	3
B.2.9	2
B.2.12	2
B.2.13	2
B.2.14	2

7.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN 4º ESO: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE

O 4º curso de ESO ten como obxectivo afianzar e profundar os coñecementos adquiridos dando maior importancia á creatividade e á consecución de destrezas instrumentais. Os estándares de aprendizaxe mínimos estarán sinalados en cursiva dentro do cadro xeral de contidos. Para acadar unha valoración positiva deberán acadar o 100% destes estándares mínimos.

A organización temporal realizarase por bloques de contidos, desenvolvendo os bloques 1 e 2 no primeiro trimestre, o 3 no segundo trimestre e o 4 no último. Ademais o bloque 1 se traballa transversalmente ao longo do curso.

A programación será aberta e flexible dependendo do alumnado (punto de partida, creatividade, madurez,

esforzo,...) de posibles conmemoracións, visitas ou datas sinaladas, e das continxencias que poidan xurdir. Adaptarémolos ao grupo, e a cada alumno en particular, acortando ou extendendo o tempo de explicación e mesmo planificando traballos segundo as necesidades (como pode ser o caso dun alumno confinado). Ao final de cada bloque concretaranse o número de sesións estimadas para cada contido, deixando algunhas sesións libres que se completarán con visitas, conmemoracións especiais, probas e controis.

Primer trimestre _ Bloque 1. Expresión Plástica.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet.
B1.1 A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	<i>Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</i>	CCEC
B1.2, B1.3 Leis da composición: Movemento, ritmo e liñas de forza. B1.4 A cor como ferramenta simbólica.	Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	<i>Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</i> Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC
B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do	<i>Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</i>	CCEC CSIEE

<p>B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.</p> <p>B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.</p>	<p>proceso de realización.</p>	<p><i>Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</i></p>	<p>CCEC CSIEE CAA CD</p>
<p>B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).</p> <p>B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.</p>	<p>Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.</p>	<p><i>Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica a produción de proxectos persoais e de grupo.</i></p>	<p>CSIEE CCEC</p>
<p>B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.</p> <p>B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.</p>	<p>Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.</p>	<p><i>Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</i></p> <p><i>Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</i></p>	<p>CSIEE CCEC</p>

Primer trimestre _ Bloque 2. Debuxo técnico.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet.
B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo	1. Analizar a configuración de deseños realizados con	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. <i>Resolve problemas sinxelos referidos a</i>	

<p>e manexo.</p> <p>B2.2 Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.</p> <p>B2.3. Tanxencias e enlaces.</p> <p>B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.</p>	<p>formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.</p>	<p><i>cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</i></p> <p><i>Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</i></p> <p>Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais</p>	<p>CAA CMCCT</p>
<p>B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</p> <p>B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</p> <p>B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p>B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p>B2.9. Perspectiva cónica central.</p> <p>B2.10. Perspectiva cónica oblicua.</p> <p>B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.</p>	<p>2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.</p>	<p><i>Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</i></p> <p><i>Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</i></p> <p>Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</p> <p><i>Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</i></p>	<p>CAA CMCCT</p> <p>CAA CMCCT</p> <p>CAA CMCC</p> <p>CAA CMCCT</p>

B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	CAA CMCCT
--------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------

Temporalización do primer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B1.1-B1.11	8 / Transversalmente ao longo de todo o curso
B2.1	2 / Transversalmente ao longo de todo o curso
B2.2	7
B2.3	3
B2.4	3
B2.5 - B2.6	3
B2.7	3
B2.8	3
B2.9	3
B2.10 - B2.11	3
B2.12	Transversalmente nos sistemas de representación (B.2.5 – 2.11)

Segundo trimestre _ Bloque 3. Fundamentos do deseño.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet.
B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).	Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística,	<i>Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</i>	CSIEE CCEC
B3.2. Fases do proceso de deseño.			CCEC
B3.3. Análise da			

estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico	en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	<i>Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</i>	
B3.5. Campos de aplicación do deseño.	Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	CSIEE CCEC
B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto	Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	<i>Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</i> <i>Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</i> <i>Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</i> Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. <i>Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o</i>	CSIEE CCEC CSIEE CCEC CSIEE CCEC CD CSIEE CCEC CSIEE CCEC

artístico.		<i>realizado por compañeiros e compañeiras.</i>	
------------	--	-------------------------------------------------	--

Temporalización do segundo trimestre:

Contidos	Número de sesións
B.3.1 - B3.5	6
B3.6	3
B3.7 - B3.10	15

Tercer trimestre _ Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet.
B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	<i>Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</i>	CD CSIEE CCEC
B4.2. Realización dun storyboard.		<i>Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.</i>	CSIEE
B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE CCEC
B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.		Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	CD CSIEE CCEC
B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.		<i>Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</i>	
B4.6. Creación dixital de imaxes.	Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos	Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC
B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.		<i>Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe</i>	CAA CD

B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	vinculados a estas linguaxes.	<i>gráfico-plástica.</i> Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	CSIEE CCEC
B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	CD CSIEE CCEC

Temporalización do tercer trimestre:

Contidos	Número de sesións
B4.6 - B4.9	6
B4.4	6
B4.5	5
B4.1 - B4.3	6

8.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O plantexamento deste curso segue marcado pola crise do coronavirus e continúa a adaptarse a nova situación. A metodoloxía vese inevitablemente afectada, tal e como se recolle tamén no protocolo Covid do centro. Neste sentido cabe salientar:

- O alumnado terá un sitio asignado na aula e non poderá levantarse ou cambiarse do mesmo agás casos excepcionais. É obrigatorio desinfectar as mans a entrada e saída da aula. Asemesmo, ao ser un aula materia, será necesaria a desinfección do posto de traballo ao remate da clase de cara ao grupo que veña continuación, ademais dunha correcta ventilación do espazo.

- A distancia de seguridade impide facer traballos en grupo ou colaborativos, agás os que fagamos dixitalmente, ou espaciados no lugar ou no tempo para garantir a desinfección dos instrumentos e zonas de traballo.

- O material non se poderá compartir, agás excepcións respecto ao material de aula necesario para o desenvolvemento de determinadas actividades e sempre que se asegure unha boa desinfección. É, por tanto, imprescindible que cada alumno sexa responsable do seu propio material. Se acude a clase sen él, non poderá traballar e se rexistrará no cuaderno do profesor puidendo ter consecuencias na avaliación e

no comportamento con algunha amoestación.

- Este curso nos incorporamos ao programa EDIXGAL en todos os cursos (o curso anterior estivo dispoñible en 1º ESO) polo que o aproveitamento dos recursos dixitais será constante. No libro dixital incluíránse contidos, recursos, actividades e tarefas. Esperemos que sexa unha ferramenta útil para o seguemento da materia tanto se as clases son presenciais como a distancia, como estaba sendo a través da aula virtual.

Como todos os cursos, levaremos a cabo unha metodoloxía que inclúa os seguintes aspectos:

- Debemos informar ó alumnado ó principio de curso dos obxectivos xerais do nivel no que están, dos criterios de avaliación do mesmo e dos contidos que se impartirán.

- Ó comezo de cada explicación dun novo contido obxecto de aprendizaxe, debemos intentar coñecer o que o alumnado sabe sobre él, pois debemos partir dos seus coñecementos e experiencias previas.

- Estableceremos unha organización xerárquica das tarefas para o seu ensino, tentando manter unha progresión que supoña un constante reto e manteña un grao de motivación axeitado.

- O profesorado será a guía para o alumnado e tratará de dar exemplo coas súas actitudes e hábitos de todo aquilo que quere que sexa adquirido por eles.

- Nas relacións entre a profesora e os alumnos, aquela será un apoio para estos de xeito que, sen deixar de ter o control da clase, manterán unha relación de tipo horizontal.

Por outra banda, e co obxecto de tentar de acadar as competencias básicas, trataremos de facer que estean presentes ó longo de todo o noso currículo dun xeito consciente para o alumnado. A presenza destas competencias nos criterios de avaliación conleva unha garantía de que se traballarán. E para asegurarnos o seu tratamento, hai uns criterios que debemos seguir, entre os que se atopan:

- Plantexar propostas de tipo cooperativo co propósito de desenvolver actitudes de solidariedade, tolerancia, deportividade, respecto á diversidade,...

- Propiciar unha actitude crítica ante a publicidade e as redes sociais sobre o tabaco, o alcohol, o consumo...

- Empregar unha linguaxe non sexista, evitando o uso exclusivo do xénero masculino.

- Nas actividades propostas, destacar a cooperación sobre a comparación, o esforzo sobre o resultado final, o diálogo sobre a imposición,...

- Reflexionar sobre os usos e abusos dos que está sendo obxecto o medio urbán e natural, e levar á práctica aquelas actividades que menor impacto ambiental teñan.

- Proponer unha ampla gama de actividades que posteriormente o alumnado poda empregar para expresar os seus sentimentos e inquietudes a través das súas obras artísticas.

O profesorado tratará de dar exemplo coa súa actitude e comportamento de todo aquilo que intenta inculcarlle ó alumnado.

Planificaranse actividades de reforzo ou ampliación para o período que abrangue desde a avaliación ordinaria ata a extraordinaria, en función da evolución e resultados do alumnado.

9.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación máis adecuados serán: a observación sistemática (rexistro anecdótico, diario de clase, listas de control), análise das producións dos alumnos (traballos de aplicación e síntese, resolución de exercicios, investigacións, traballos en grupo, etc.), intercambios orais cos alumnos (diálogos, entrevistas, debates, postas en común), probas específicas (obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución escrita de exercicios, controis), autoevaluación e coevaluación.

Proba inicial

Terá lugar nos primeiros días do curso, como indica a lei. Ten a finalidade de dar a coñecer o nivel de partida do alumnado e do grupo no seu conxunto. A proba consistirá en cuestións teórico-prácticas de artístico e técnico para poder analizar contidos e capacidades que deben manexarse no seu nivel. A proba calificarase atendendo a uns mínimos resultados obxectivos para o seu nivel e idade, pero a súa calificación non fará media coa avaliación ao tratarse dunha proba orientativa.

Observación do alumno en clase

A observación dos alumnos, do seu traballo, rendemento e actitudes, é a fonte máis inmediata para comprobar diversos elementos: asistencia regular, comportamento, intervención no proceso didáctico, progresos e dificultades de aprendizaxe, intereses, etc.

Probas orais e escritas ou debuxadas

Estas probas, tanto orais como escritas, permiten observar e valorar a asimilación de conceptos e o logro de gran variedade de procedementos, á vez que demostran a capacidade dos alumnos para resolver problemas e fanlles ser conscientes dos seus avances e deficiencias.

Actividades de expresión plástica

Entre elas podemos sinalar algunhas de especial validez para os nosos propósitos: actividades de expresión (cor, texturas, traballos de deseño con ordenador, manipulación de elementos como cartolinas de cores, papeis, plastilina, arxila, etc.)

Actividades de representación (xeometría plana, sistema diédrico e vistas, sistema axonométrico, sistema cónico, normalización, etc.).

Estas actividades permítennos tanto observar e valorar a asimilación de conceptos e procedementos como analizar o logro de consecución dos contidos actitudinais do alumnado.

As veces, e sobre todo nos cursos superiores, utilizaremos a autoavaliación e a coavaliación, para que eles mesmos sexan quen de valorar os seus traballos e os dos seus compañeiros. Terán que valorar aspectos relacionados con: orixinalidade, grado de consecución dos obxectivos previstos e boa presentación.

10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No momento de avaliar, determinados valores deben de primar á hora de calificar aos alumnos. Os máis importantes son:

- A **claridade conceptual**; que o alumno asimile perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma concluyente.
- A **orixinalidade e creatividade** nas súas creacións; esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno entende un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- **Limpeza** na execución non só entendida coma técnica senón tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar.

11.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificarase desde o punto de vista do máximo respecto cara as ideas e particularidades do alumno sen fomentar en ningún momento a competitividade ou a imitación cega dos compañeiros.

Para obter unha calificación positiva na asignatura será indispensable:

- Traer o material de traballo a clase.
- Entregar todas as actividades ou láminas propostas na data indicada. De non ser así, poderán entregalas o seguinte día de clase coa metade da nota. Excepto por causa xustificada, non se recollerán traballos fora destas dúas datas sinaladas, e deberán entregarse na recuperación.
- Asistencia a clase e traballar con regularidade tanto individualmente coma en equipo, respectando materiais e persoas.

Dentro dos criterios de cualificación, e facendo referencia á nota, corresponderalle un 90% ao acadado mediante traballos, exercicios prácticos e controis. Estes últimos, serán tidos en conta coma un exercicio máis, facendo media cos restantes desa avaliación. Non todos os exercicios terán a mesma ponderación pois esta dependerá da amplitude dos contidos tratados, da complexidade e do tempo adicado a cada un deles. O 10 % restante da nota terá máis relación cos puntos mencionados ao principio (traer o material a clase, traballo regular, respecto do material e compañeiros, participación, interese por aprender...). Esta porcentaxe manterase para os traballos en equipo, correspondendo o 20 % ao interese, colaboración, participación, etc. de cada alumno en particular e o 80 % igual para tódolos integrantes do equipo.

Empregaremos rúbricas que lle daremos a coñecer ao alumnado para que teñan en consideración todas as cuestións avaliábeis.

A avaliación final será a nota media de todas as recollidas durante cada trimestre. A profesora terá en consideración a evolución e progreso ao longo do curso dos contidos de carácter continuo. En casos especiais, poderá considerar apto a un alumno con dificultades especiais en atención á diversidade se valora que o seu esforzo supuso un avance no seu proceso de aprendizaxe.

No suposto de que as clases sexan a distancia, haberá que adecuar tanto as propostas das actividades como as porcentaxes dos criterios de avaliación, aínda que na nosa materia, ao ser eminentemente práctica, non variarán excesivamente. Se terá en conta a situación de cada alumno en particular e intentarase facer un seguemento o máis individualizado posible, pois non todos teñen os mesmo recursos para poder levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa casa. Neste sentido, é importante traballar con eles xa desde o inicio de curso o uso de ferramentas dixitais como edixgal, o correo electrónico, a búsqueda de información e recursos por internet, a ofimática...

Asemesmo, resulta imprescindible ter en conta que a programación debe ser aberta e flexible para adaptarnos as circunstancias que poidan xurdir e a duración das mesmas (posible alumnado ou profesorado en cuarentena, confinamento...)

12.- PROBAS EXTRAORDINARIAS.

Para poder presentarse a proba da avaliación extraordinaria, que este curso se adianta a finais de xuño, o departamento esixiralles aos alumnos a presentación dunha serie de láminas que realizarán no período que abrangue desde a avaliación ordinaria ata dita proba, nas que mostren os contidos mínimos esixidos na programación en cursiva.

O departamento concibe o estudio da plástica coma una práctica pero a partir deste curso o tempo para recuperar diminúe considerablemente, aínda así a forma de estudar é facer os traballos, neste caso moi axustados no tempo. Estes traballos suporán unha nota dun 30% a avaliar conxuntamente co exame, que consistirá en exercicios teórico-prácticos. Para poder facer a media **é requisito imprescindible** traer todas as láminas e máis o material de debuxo necesario para realizar a proba. Cualificarase facendo media de ambas, valorándose cun 30 % o traballo de láminas e un 70% o exame. Non se fará dita media se algunha das notas é inferior a 4.

13.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cada alumno trae o seu material persoal, tanto de debuxo técnico (xogo de escuadra e cartabón, compás, lápices, carpeta de gomas e láminas de debuxo...) como artístico (lápices de cores, rotuladores, pegamento, tesoiras, témperas e pinceis). O departamento soe aportar á aula unha serie de material funxible cada ano como é pintura acrílica, pinceis, cartolinas, pegamento, papeis texturados, arcila, etc. Pero este curso o reparto e organización do mesmo requirirá unha especial planificación, polo que nos apoiaremos especialmente en recursos audiovisuais.

Contamos con mesas e cadeiras de debuxo moi axeitadas polo tamaño e altura aos traballos que desenvolvemos. En ocasións puntuais utilizamos os cabaletes de escultura para traballar co barro. Na aula temos dúas piletas para a auga o que nos posibilita a limpeza de material sen ensuciar os baños do centro.

A aula dispón de ordenador e proxector o que permite un mellor aproveitamento das sesións, pois podemos proxectar imaxes e propostas de exercicios ao mesmo tempo que traballan así como tamén recursos audiovisuais, obras de diferentes artistas ou pequenas curtametraxes ou películas de valor artístico.

O alumnado dispón dos ordenadores persoais do programa EDIXGAL, para realizar tarefas dixitais, buscar información e traballar con diversos portais educativos con recursos axeitados para os diferentes niveis. Isto nos permite tratar os contidos audiovisuais da materia dun xeito accesible e motivador para o alumnado. Asemesmo, os contidos teóricos, recursos e propostas de traballo tamén se recollen no libro dixital, polo que están sempre dispoñibles para o alumnado.

Como complemento consultamos o libro de texto de Sandoval que temos na aula, como referencia teórica e de imaxes, que apoien a explicación dos contidos. Este libro inclúe unha serie de láminas que sirven para practicar sobre dichos contidos.

Por último, a biblioteca conta cunha serie de material documental (libros de información, DVD's, cómics, novela gráfica, libros de ilustración, revistas...) que é moi útil en momentos puntuais e que esperamos seguir aumentando nos vindeiros anos. Tamén dispoñemos dunha pequena biblioteca de aula con libros específicos da materia.

14.- ACCIÓNS PREVISTAS DACORDO CO FOMENTO DA LECTURA

En relación a lectura da imaxe traballaremos:

-Proxección de imaxes fixas, a partir de presentación, sobre todo dixitais e creadas por eles, de obras de diferentes estilos e autores, analizando e interpretando as mesmas. Preténdese crear unha “biblioteca visual” do alumno que lle sirva como referente para a realización dos seus traballos e para o gozo das obras alleas.

- Proxección de imaxes en movemento: curtas ou películas de ficción, documentais ou de animación. Igual que no punto anterior, analizaremos non só os contidos formais (composición, ritmo, cor...) senón os aspectos artísticos, de expresividade, etc. Sobre todo visualizaremos obras de autores galegos, xa que dispoñemos dunha gran mostra na biblioteca escolar do Consorcio Audiovisual Galego.

En relación á **lectura en outros soportes:**

Realización de traballos escritos individuais e colectivos sobre algún autor determinado dentro dunha lista proposta. Os alumnos terán que facer todo o proceso de:

- Búsqueda de información en diferentes soportes (enciclopedias, internet, videos...)
- Lectura, selección, resumo dos contidos.
- Redacción onde recollan: datos biográficos, estilo e obras, análise dalgunha delas...

- Presentación oral á clase.

15.-ACCIÓN S PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DAS TIC'S

A importancia dos contidos audiovisuais e multimedia dentro da asignatura é fundamental e permítenos achegar tanto ao mundo da información como da imaxe. A utilización dos recursos informáticos é imprescindible e facémolo a través de:

- Visitas virtuais a museos, exposicións, páxinas webs ou blogs de artistas.
- Utilización de recursos didácticos en páxinas como as de :
 - Consellería de Educación da Xunta, CNICE, profes.net, etc
 - Páxinas de debuxo técnico, con vistas de sistema diédrico, axonométrico...
 - Páxinas sobre a cor, poesía visual, Pinterest...
 - Conta de Instagram da materia
- Tratamento da imaxe fixa ou en movemento, con programas informáticos como Movie Maker, Comic Sans, Canva...

16.- PLAN DE TRABALLO PARA MATERIAS PENDENTES

Os contidos exisibles serán os acadados cos estándares de aprendizaxe mínimos da materia desglosados en cursiva nos puntos anteriores.

Os alumnos coa asignatura pendente de cursos anteriores realizarán unha serie de traballos durante o curso e un exame final na convocatoria de maio que versará sobre os contidos traballados. Terán a mesma oportunidade no mes de setembro.

A presentación dos traballos en prazo e a superación do exame serán os requisitos para superar a materia. Cualificarase facendo media de ambas, valorándose cun 40 % o traballo de láminas e un 60% o control.

Os alumnos poderán facer as consultas necesarias á profesora en recreos ou calquera outro momento acordado previamente. Como apoio contará coa aula virtual, así como material dispoñible na biblioteca ou na aula de plástica.

17.- TRANSVERSALIDADE

Enténdanse como temas transversais os seguintes: *educación moral e cívica, educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, educación ambiental, educación para a paz, educación para o consumidor, educación para a saúde e educación vial.*

A presenza destes temas oriéntase cara á educación de actitudes e a formación de valores. A súa relación coa asignatura pode condicionarse a:

- Análise crítica de mensaxes publicitarias dirixidos ao consumidor: preténdese facer conscientes aos

alumnos/as da influencia dos anuncios gráficos e dos spots publicitarios na creación de necesidades de consumo.

- Estudo dos valores emotivos da cor e do uso adecuado do mesmo.
- Análise crítica de valores estéticos na contorna natural e social e nas actitudes de respecto ao medio ambiente.
- Análise crítica de deseños de todo tipo (gráfico, arquitectónico, urbanístico, etc.) considerando a adecuación dos mesmos ao consumidor, á saúde e ao medio ambiente.
- Debate e traballos colectivos, nos que se busca o espírito cooperativo, o desenvolvemento das capacidades de relación interpersoal e a contribución a toma de conciencia do enriquecemento que se produce coas achegas dos compañeiros.

18.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso parece probable a visita presencial a exposicións de museos ou galerías, aínda que algún deles segue a organizar visitas virtuais. As fundacións e museos irán enviando as súas programacións e ofertas ao Centro, e elixiremos durante o curso as máis apropiadas para cada nivel e grupo. É fundamental mostrar aos alumnos as obras de arte nunha contorna museística, a valoración destes centros, etc.

Participaremos na celebración dos días de conmemoracións especiais como Samaín, Magosto, Día da Non violencia, Día da Paz, Letras Galegas, Medio Ambiente, etc. realizando decoracións, carteis ou murais informativos.

19.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para abordar o tratamento á diversidade, consideraremos as diferencias, tanto en capacidades como en estilos e ritmos de aprendizaxe, realizando as oportunas adaptacións curriculares que a un nivel práctico tradúcense en:

- Diversificación de actividades.
- Graduación de criterios de avaliación.
- Priorización de contidos.
- Adaptación de obxectivos.
- Empregar unha linguaxe non discriminativa.

Esta diversidade pode xurdir por múltiples motivos (patoloxía, necesidade educativa especial, características persoais,...), e somos nós (profesores) os encargados de integrar a todo o alumnado no grupo clase por medio de actividades de aprendizaxe individualizadas e de coñecemento e cooperación grupal. Deste xeito lógrase un dobre obxectivo: por unha banda que o alumnado acade os obxectivos a un ritmo adaptado ás súas características e, por outra banda, que sirvan tanto para a integración de todos

e todas dentro do grupo clase como para que traballen a diferenza, a tolerancia e a comprensión.

20.-AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Para realizar a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente analizaremos en cada avaliación (trimestralmente) as actas do curso, atenderemos aos resultados académicos e valoraremos os seguintes indicadores de logro dos seguintes ámbitos:

Para todos, o valor 1 corresponde coa mínima adaptación e o 4 coa máxima.

PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
Secuencio e sigo os contidos descritos na programación a principio de curso				
Adapto a programación ás características e necesidades do alumnado				
Teño claro os contidos mínimos que hai que alcanzar para acadar as competencias básicas				
Dou a coñecer os contidos, criterios de avaliación e metodoloxía ao principio de cada trimestre e bloque de contidos				
Activo os coñecementos previos do alumnado antes de comezar un novo bloque de contidos				

ACTIVIDADES DE AULA	1	2	3	4
Agrupo aos alumnos de diferentes formas: individual, parellas, grupo				
Os exercicios que propoño fomentan a participación e cooperación				
Dou autonomía para buscar información e suxerir distintas formas de acadar os obxectivos				
Os alumnos empregan as novas tecnoloxías tanto na busca como na elaboración de contidos ou traballos				
Esixo diferentes resultados ao alumnado partindo das súas necesidades e competencias iniciais				

AVALIACIÓN	1	2	3	4
Ao comenzo de cada unidade o alumnado sabe qué contidos, procedementos, actitudes, etc. imos a avaliar.				
Empregamos diferentes tipos de probas para avaliar (exames, traballos individuais, láminas, traballos en grupo...)				

Qué teño máis en conta na hora de avaliar: - Dou máis importancia ao resultado que ao proceso -Comunico ao alumno en que debe mellorar e dou exercicios de reforzo.				
Avalio a miña intervención e a idoneidade dos recursos e actividades a realizar.				

Enviárase ademais unha enquisa ao alumnado ao final de curso para que valore a práctica docente e propoña melloras para levar a cabo no curso seguinte:

AVALIACIÓN ALUMNADO	Baixo	Regular	Ben	Moi ben
Grao de satisfacción co aprendido este ano na materia de Plástica				
Valoración do teu grao de implicación-esforzo				
Valoración da presentación dos temas por parte da profesora ao principio dos temas novos.				
Consideras que os temas foron explicados con claridade (aclarando as dúbidas)				
Adecuación da cualificación (notas) dos teus traballos por parte da profesora coa túa autoavaliación.				

Cal foi o contido-traballo que máis che gustou este ano? Por que?
Cal foi o tema-contido que menos che gustou este ano? Por que?
Que podería mellorar a profesora para facer máis atractivo, comprensible, interesante, motivador...a materia de plástica?

Ao final de curso analizaranse estes dous elementos: enquisa ao alumnado e indicadores de logro da profesora e realizarase a memoria con propostas de mellora para o curso seguinte.